



O escritor madeirense José Viale Moutinho, premio especial do xurado á Embaixada da amizade galego-lusófona

O xurado pon en destaque o labor de Viale Moutinho como ponte entre Galiza e Portugal e impulsor do continuo lingüístico e cultural que representa a Lusofonía e como verdadeiro embaixador da Galiza en Portugal e de Portugal na Galiza.

O intelectual residente no Porto é autor dunha prolífica obra literaria como narrador, tradutor, ensaísta, poeta e dramaturgo, entre a cal se encontran varias versións de obras literarias galegas, unha antoloxía da poesía galega e un ensaio sobre o nacionalismo galego.

O galardón dáse a coñecer nas vésperas do 25 de abril, data referencial para toda a Lusofonía

Permanece aberto o prazo para a escolla do mellor poema galego e portugués na web do [aRi\[t\]mar](#)

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2021.- O xurado do certame aRi[t]mar da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela decidiu conceder o Premio aRi[t]mar especial do xurado "Embaixada da amizade galego-lusófona" ao escritor madeirense residente no Porto José Viale Moutinho.

A resolución do xurado, dada a coñecer nás vésperas do simbólico 25 de abril portugués, pretende pór en destaque, dentro do proxecto aRi[t]mar galiza e portugal, aquela persoa, grupo de persoas, institución ou iniciativa que teñan contribuído a tender pontes de amizade e colaboración entre a Galiza e a Lusofonía ben como a traballar pola cultura e a lingua comúns o recoñecemento mutuo entre Galiza e a Lusofonía ou cun labor de reinserción da cultura galega nese seu verdadeiro espazo natural.

A proposta avalada polo xurado, pon o foco no labor de Viale Moutinho como ponte entre Galiza e Portugal, como impulsor dese continuo lingüístico e cultural que representa a Lusofonía, e como verdadeiro embaixador da Galiza en Portugal e de Portugal na Galiza.

Alén dos seus méritos como xornalista en medios como o *Jornal de Notícias*, o *República* ou o *Diário de Notícias*, José Viale Moutinho é narrador, poeta, dramaturgo e ensaísta, con obra traducida a varios idiomas, tamén ao galego. Está tamén moi ligado ao Festival da Poesía no Condado desde o seu inicio en 1981, organizado pola Sociedade Deportiva do Condado (SDC) con Sede en Salvaterra do Miño. Como director da Associação Portuguesa

de Escritores, da Asociación de Jornalistas e Homens de Letras do Porto e do Teatro Experimental do Porto posibilitou a visibilidade da literatura galega en Portugal, e a el se debe a presenza da escritora Xela Arias, de Mantecón e da directiva da SDC para presentar o Festival da Poesía no Condado ao mundo lusófono.

Pioneiro en divulgar a literatura galega contemporánea, nomeadamente a de Neira Vilas, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Méndez Ferrín é o seu primeiro tradutor ao portugués. Tamén traduciu a Castelao e a Lamas Carvajal e é autor de *Fouce erguida. Antoloxía de poesía galega de combate*.

Viale Moutinho foi tamén investigador da represión franquista e dos campos de exterminio nazi, autor dunha biografía sobre Zeca Afonso e impulsor da Asociación que en Vigo leva o seu nome. Relacionada coa temática galega escribiu o libro pioneiro *Introdução ao nacionalismo galego*.

Foi elixido académico de honra electo da RAG renunciou en solidariedade con Méndez Ferrín cando este deixou a presidencia.

En anteriores edicións do certame, resultaron galardoados con este premio o desaparecido músico galego Fran Pérez *Narf*, as Convergências Portugal Galiza organizadas polo grupo bracarense Canto D'aquí, a cantora galega Uxía e a ex directora da Comunidade de Países de Língua Portuguesa e ex ministra de Comercio e Turismo de Cabo Verde, Georgina Benrós de Mello.

Na gala aRi[t]mar galiza e portugal desta edición 2021 que se celebrará no último trimestre deste ano, recibirán os seus premios a música galega Guadi Galego, seleccionada como intérprete do mellor tema musical en galego de 2020, Despedida, e Cláudia Pascoal, cantora da mellor música portuguesa do ano, Quase Dança, xunto coas persoas gañadoras do certame de poesía e do propio José Viale Moutinho.

Ademais, permanece aberto o prazo para as votacións do amentado certame de poesía. As persoas que queiran participar poden emitir o seu voto, até ao 20 de maio, por tres poemas da Galiza e tres de Portugal na web do proxecto [aRi\[t\]mar galiza e portugal](#).

As poesías finalistas desta edición son as **galegas**: protocolo, Ana Romaní, *A desvértebra*, Chan da Pólvora, 2020; #love, Arancha Nogueira, *#hashtags para un espazo/confinamento agónico*, Positivas, 2020; Chamamento okupa, Carlos Lorenzo/Baldo Ramos, *No interior do abandono*, figurandorecuerdo(s)edicións, 2020; Agora non se garda nada, Iria Pinheiro/María Lado, *Uralita*, Cuarto de inverno, 2020; santa lucia, Eduardo Estévez, *Arrincando marcos 2020*, Positivas, 2020; Decidín, Lucía Cernadas, *Poesía galega novísima*, Urutau, 2020; Odias a poesía e fas ben, María Lado, *Gramo Stendhal*, Apiario, 2020; a metáfora de tan fina, Rosa Enriquez, *Vacastras*, Urutau, 2020; A reflexión, Rosalía Fernández Rial, *Árbores no deserto*, Galaxia, 2020; Dixeches, Francisco Fernández Naval, *Poetas na cociña*, Medulia Editorial, 2020 e as **portuguesas**: ninguém sabe o maleficio dos anos, Álamo Oliveira, *Poemas Vadios*, Companhia das Ilhas, 2020; As letras do teu nome, Alexandra Santos, *As letras do teu nome*, Chiado Books, 2020; Almofada de andorinhas, Hélia Correia, *Acidentes*,

Relógio D'Água Editores, 2020; Memórias, João Pedro Méssender, *A quem pertence a linha do horizonte?* Página a Página, 2020; Quem ordena este pandemónio? Jorge C. Ferreira, *Desaguo numa imensa sombra*, Poética Edições, 2020; Poema recuperado do caixote do lixo, Jorge Sousa Braga, *A matéria escura*, Assírio & Alvim, 2020; verão sabe-se bem, Márcia, *As estradas são para ir*, Editorial Planeta, 2020; A casa velha como uma velha, Raquel Serejo Martins, *Silêncio sálico*, Poética Edições, 2020; Valencià, Rosa Oliveira, *Errático*, Tinta da China, 2020; Foz, Samuel F. Pimenta, *Ascensão da água*, Labirinto, 2020.

[aRi\[t\]mar](#) é um proxecto didáctico e cultural da [Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela](#), pertencente à [Consellería de Cultura, Educación e Universidade](#) da [Xunta de Galiza](#), e que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galego-portuguesa actuais e achegar a cultura e a lingua dos dous países, no marco da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa Lusofonía.

Coa organización da Equipa de Dinamización da Lingua Galega e os departamentos de galego e de portugués, durante o ano lectivo trabállanse de forma didáctica os textos e as músicas e, posteriormente, escóllense mediante votación popular online as mellores cancións e poesías editadas en Galiza e en Portugal no ano anterior, neste caso en 2020. En outrono, os gañadores participarán nunha Gala de entrega de premios en Santiago de Compostela.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participaron tamén as da Facultade de Filoloxía da USC, Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), Conservatorio Profesional de Música de Santiago, Escola Oficial de Idiomas de Ferrol, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões, os centros do Ensino Portugués polo Camões na Galiza e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior, ben como centros de ensino secundario de fóra de Galiza en que se imparte galego.

Esta iniciativa fai parte da [Rede da GaliLusofonia](#), "com os objetivos de juntar esforços, coordinar-se e cooperar na difusión de iniciativas encaminhadas a fomentar a nosa língua e cultura comuns no seu espaço natural, a Lusofonia, com grande potencial noutros campos como o económico e o institucional".

aRi[t]mar galiza e portugal conta co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña, das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística e da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, así como do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e do Instituto Camões-Centro cultural Portugués de Vigo.

Saúdos cordiais.

Telemóbel de contacto: 606383584

Nota biográfica (fonte: <https://gl.wikipedia.org/>)

José Viale Moutinho, nado o 12 de xuño de 1945 no Funchal, na Madeira, é un escritor e xornalista portugués.

Traxectoria

Licenciado en Historia, foi narrador, poeta, dramaturgo, ensaísta e autor de libros infantís e xuvenís, a súa obra ten sido traducida a numerosos idiomas: castelán, ruso, esloveno, alemán, italiano, galego e húngaro.

Ademais é especialista na obra de Camilo Castelo Branco, ao que dedicou artigos, prólogos e edición de obras.

Traballou no *Jornal de Notícias*, no *República*, no *Diário de Notícias*. Foi director da Associação Portuguesa de Escritores, da Associação de Jornalistas e Homens de Letras do Porto, do Teatro Experimental do Porto e da Sociedade Portuguesa de Etnologia e Antropologia. Tamén investigou a Guerra Civil Española e os campos de exterminio nazis.

Foi elixido académico de honra electo da Real Academia Galega e renunciou a tomar posesión en solidariedade con Méndez Ferrín cando este deixou a presidencia da RAG. Moi vinculado a Galicia polo seu coñecemento da cultura galega, traduciu a Neira Vilas, Castelao, Lamas Carvajal, Manuel María e Méndez Ferrín. É autor de *Introdução ao nacionalismo galego* e *De foice erguida. Antologia de poesia galega de combate*.

Obras

Infanto-xuvenil

- *O Adivinhão* (1979). Ilustr. João Botelho. Afrontamento, Porto. Adiviñas tradicionais portuguesas. En 1997 5ª ed.
- *Fernando Pessoa (O Menino de sua Mãe)* (1995). Ilustr. Fernando de Oliveira. Campo das Letras, Porto. Conto biográfico.
- *Manhas de Gato Pardo* (1997). Ilustr. João Luis. Col. Rã que ri. Ed. Plátano, Lisboa. Contos.
- *Os Dois Fradinhos* (2003). Ilustr. de Fedra Santos. Porto, Ed. Campo das Letras. Conto
- *A gaitinha mágica* (2003). Ilustr. de Pedro Nora. Porto, Ed. Campo das Letras. Conto
- *O Rapaz de Pedra* (2004). Ilustr. de José Emídio. Col. Baú do Tio Zé. VN de Gaia, Gailivro. Contos. En 2007 2ª ed.
- *A Sopa de Pedra* (2004). Ilustr. de Inês de Oliveira. Ed. Campo das Letras, Porto. Conto
- *As Lendas da Misarela* (2004). Ilustr. De Fedra Santos. Ed. CM de Vieira do Minho-Ed. Ausência, VNGaia.
- *O Livrinho das Lengalengas* (2004). Ilustr. de Fedra Santos. Edições Afrontamento. En 2011 6ª ed.
- *O Livrinho dos Jogos* (2004). Ilustr. de Fedra Santos. Edições Afrontamento. En 2007 2ª ed.
- *O Livrinho dos Contos do Alto Douro* (2004). Ilustr. de Fedra Santos. Edições Afrontamento.
- *O Livrinho das Adivinhas* (2005). Ilustr. de Fedra Santos. Edições Afrontamento. En 2011 6ª ed.

- *A História de William: A Possível infância de Shakespeare* (2005). Ilustr. de José Emídio. Campo das Letras, Porto. Conto.
- *Frei João Sem Cuidados* (2005). Ilustr. de Umbra. Campo das Letras, Porto. Conto.
- *Histórias da Deserta Grande* (2006). Ilustr. Fedra Santos. Ed. Afrontamento, Porto.
- *O Livrinho dos Provérbios* (2006). Ilustr. Fedra Santos. Ed. Afrontamento, Porto.
- *As visitas do Pai Natal* (2006). Ilustr. Abigail Ascenso. Col. O Gato Preto. Ed. 7dias6noites. En 2008 5ª ed. Conto.
- *O Livrinho dos Versos para Rir* (2006). Ilustr. de Fedra Santos. Edições Afrontamento.
- *A Vassoura voadora 1/2* (2007). Ilustr. Helena Berenguer. Ed. Arca das Letras. 3ª ed. en 2009, Ed. Seara de Letras, Porto. (As 50 melhores adivinhas de animais da tradição portuguesa/Os 100 máis útiles proverbios da tradición portuguesa).
- *O Grande Livro das Lengalengas* (2007). Ilustr. de Fedra Santos. Edições Afrontamento.
- *A Cidade das Pessoas Tortas* (2007). Civilização Editora. Conto. Sobre cadros do Pintor Dominguez Alvarez.
- *Há um ladrão debaixo da cama!* (2007). Ilustr. de Marta Madureira. Ed. Campo das Letras, Porto. Conto.
- *Será que sou neto da bruxa?* (2007). Ilustr. Abigail Ascenso. Ed. 7dias6noites. Conto.
- *A Conferência do Professor Lagosta* (2007). Ilustr. De Jose Emidio. Ed. Inovação à leitura, Braga. Conto biográfico sobre Sá de Miranda.
- *O Grande Livro das Adivinhas* (2008). Ilustr. de Fedra Santos. Edições Afrontamento.
- *A Menina da Janela das Persianas Azuis.* (2008). Ilustr. de Jose Emidio. Col. Tambor de Lata.- Portugalia Editora. Sobre sete cadros de Henrique Pousão. Contos.
- *Os Meus Misteriosos Pais* (2009). Ilustr. Acácio de Carvalho. Ed. Seara de Letras, Porto. Novela. En 2016: Lapis de Memória. ISBN 978-9898674197.

Ficción

- *Natureza Morta Iluminada* (1968). Iustr. de Fernando de Oliveira. Colecção Gémeos, Porto. Conto.
- *No País das Lágrimas* (1972). Ilustr. de Domingos Lopes. Colecção Paisagem. Livraria Paisagem, Porto. Contos. 2º ed., revisada e aumentada en Edições Asa, 2003.
- *O Jogo do Sério* (1974). Colecção Paisagem. Porto, Livraria Paisagem. Contos.
- *Histórias do tempo da outra senhora* (1974). Ilustr. Fernando de Oliveira. Ed. Latitude, Porto. Contos. 2ª ed. en Ulmeiro, Lisboa, 1986. 3ª en Ed. Esfera do Caos, Lisboa.
- *Cabeça de Porco* (1976). Colecção Textos Forja. Lisboa, Forja Editora. Contos.
- *Contos populares portugueses* (1978). Pub. Europa-América. ISBN 9789721005044.
- *Apenas uma estátua equestre na Praça da Liberdade* (1978). Prefácio de Fernando Assis Pacheco. Porto, Edições Nova Crítica. Contos. 2ª ed. 2002, Campo das Letras, Porto.
- *Entre Povo e Principais Contos* (1978). Lisboa, Bertrand Editora. 2ª ed. VN de Gaia, Editora Ausência.

- *Torre de Menagem* (1988). Álbum. Porto, Coop. Árvore, 1988. Conto. Con serigrafias de Jose Emidio.
- *Romanceiro da Terra Morta* (1988). Ed. Caminho, Lisboa. Contos. En 2002: Coleção Grandes Escritores Portugueses Actuais. Lisboa, Planeta de Agostini.
- *Arqueologia da Terra Prometida* (1989). Lisboa, Euroclube. Contos.
- *Pavana para Isabella de França* (1992). Lisboa, Edições Difel. Contos. 2ª ed. Coleção Fixões. Porto, Edições Afrontamento, 2007.
- *Hotel Graben* (1998). Contos. Lisboa, Ulmeiro.
- *Los Moros* (2000). Campo das Letras. Novela. 2ª ed. Coleção Fixões. Porto, Edições Afrontamento, 2008.
- *Cenas da Vida de um Minotauro* (2002). Coleção Holograma. Lisboa, Âncora Editora. Ed. en São Paulo (Brasil), Landy Editora, 2003. Ed. en Lisboa, Círculo de Leitores, 2004.
- *Já os galos pretos cantam* (2003). Lisboa, Editorial Caminho. Contos.
- *Destruição de um jardim romântico* (2008). Portugália Editora, Lisboa. Contos.
- *In Fabula (Aves Gatos Gregos Ocasos – Antologia de 40 anos de contos e poemas)* (2008). Org. e prefacio de Diana Pimentel. VN de Gaia: Êxodus. Escolma.
- *Velhos deuses empalhados* (2010). Col. Fixões. Ed. Afrontamento, Porto. Contos.
- *Quarenta cavalos, um vagão* (2010). Co tres serigrafias de Roberto Machado. Álbum. Coop. Árvore, Porto.

En castelán

- *En el Pais de las lagrimas* (1988). Trad. de Xavier R. Baixeras. Pref. X. L. Mendez Ferrin. Vigo (Galiza/Estado Español), Xerais. 136 p. Contos.
- *Panteón de Familia* (1992). Trad. e pref. Maria Tecla Portela Carreiro. Madrid, Ediciones Libertarias.
- *Cuentos populares portugueses* (2017). Siruela. 172 p. Tradución: María Tecla Portela Carreira.

En galego

- *Camiónando sobre as augas* (1993). Trad. galega de Xela Arias. Vigo (Galiza), Ed. Xerais. 112 p. Contos.
- *Negra sombra! Negra sombra! e outros contos* (2009). Trad. galega de M. Fernandez Rey. Vigo (Galiza), Ed. A Nosa Terra. 128 p.

Poesía

- *Urgência* (1966). Porto, Ed. do Autor.
- *Atento como um lobo* (1975). Porto, Cadernos da Rua Escura.
- *Crónica do cerco* (1978). Lisboa, Ed. O Malho.
- *De foice erguida. Antologia de poesia galega de combate* (1978). Poesia Nosso Tempo, nº 23. Centelha, Coimbra. 129 p.
- *Os Laços* (1979). Coleção O Ouro do Dia, 40. Porto, Editorial Inova. Edición numerada de 250 exs.
- *Quarteto de Viagens e Paixões* (1980). Coleção Licorne. Lisboa, Ed. Arcádia.
- *Entre povo e principaes: retábulo de legendas em forma de romance* (1981). Livraria Bertrand, Amadora. 114 p.
- *Correm Turvas as Águas deste Rio* (1982). Coleção Poesia e Verdade. Lisboa, Guimarães Editores.
- *Os Túmulos* (1984). Porto, Ed. Fantasporto.
- *O Rude Tempo* (1985). Coleção Texto & Contexto. Porto, Ed. Associação dos Jornalistas e Homens de Letras do Porto.
- *Piano Bar* (1986). Coleção Caminho de Poesia. Ed. Caminho.

- *Máscaras venezianas. Poemas* (1987) Porto, Cadernos da Rua Escura.
- *Retrato de Braços Cruzados* (1989). Lisboa, Caminho.
- *As Portas Entreabertas (Poesia 1975 – 1985)* (1990). Pref. de João Rui de Sousa. Col. Poesia. Ed. Signo, Ponta Delgada.
- *Diário de Arnsberg* (1996). Con litografias de Henrique Silva. Álbum. Coop. Árvore.
- *Caderno de Entardecer* (1996). Cunha ilustr. orixinal do autor. Porto, Ed. A Rua Escura.
- *O Amoroso* (1997). Ilustr. de José Rodrigues. Porto, Campo das Letras. 2ª ed. VN de Gaia, Ed. Ausência, 2004.
- *Nomes de Árvores Queimadas* (1997). Coimbra, Ed. Minerva.
- *Areias onde gregos se perdem* (2008). A Coruña (Galiza), Ed. Espiral Maior.
- *Poemas Tristes* (2001). Colecção Livros de Cordel. Câmara Municipal do Funchal.
- *A Ilha do Ogre* (2003). Álbum. Deseños de Alberto Pésimo. Álbum. Porto, Ed. Alberto Pinto.
- *Outono: Entre as Máscaras* (2003). Porto: Edições Afrontamento.
- *Sombra de Cavaleiro Andante (Antologia Poética 1975 – 2003)* (2004). Prefacio de Vasco Graça Moura. Colecção Terra Imóvel. Porto, Edições Asa.
- *Ocasos de iluminação variável* (2005). VN de Gaia: Editora Ausência.
- *Por um bosque tão sombrio e outros poemas* (2007). Funchal, Ed. 500 Anos.
- *São coisas tais efeitos só do acaso?* (2009). S. Mamede de Infesta, Edium Editores.

En castelán

- *Un caballo en la niebla* (1992). Olifante Ediciones de Poesia, Zaragoza. Tradución e antoloxía de Félix Romeo Pescador. Prefacio de António Martínez Sarrión. Considerado, pola revista *Leer* (Madrid) un dos cen mellores libros da década de 1990.
- *Nombres de árboles quemados* (1993). Ed. bilingue. Trad. de Adolfo Camilo Diaz e outros. Xixón, Ateneo Obrero de Gijón.
- *En causa propia* (2018). Ediciones Vitrubio, Baños del Carmen. 62 p.

En catalán

- *Tretze quadres de Mário Botas* (1987). Tradución catalá de Jordi Domenech. Sabadell, Ed. S.

Teatro

- *Histórias da Deserta Grande* (2006). Ilustr. Fedra Santos. Ed. Afrontamento, Porto. Infantil.
- *A Noite de Ravensbruck* (2010). Tres cadros. Ed. Afrontamento, Porto.
- *Representações domésticas* (2011). SPA/Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa. Infantil. 5 pezas.
- *Teatro Depressinha* (2012). Lisboa : Plátano Editora. 5 pezas infantís.

Ensaio

- *Introdução ao nacionalismo galego* (1973). Paisagem, Porto. 131 p.
- *Portugal lendário: o livro de ouro das nossas lendas e tradições* (2005). Ilustr. de José Faria. Selecções Reader's Digest. Lisboa. 367 p.
- *Quinteto Camiliano* (Notas biobibliográficas) (2006). Ed. Arca das Letras, Porto.
- "Retrato de Retratos: Sofrimento", in *Graça Morais, In Sofrimento* (2008). Museu Municipal Edifício Chiado, Coimbra.

- *Art Book*. Nova Galicia Edicións. ISBN 978-84-87755-54-5. Pintura e pinturas.

En castelán

- *Un abril en Portugal* (1974). Ediciones Júcar. 230 p.
- *José Afonso* (1975). Ediciones Júcar. 190 p. Tradución de Ezequiel Méndez Vidal.

Crónicas

- *Aquém e Além Montes* (1992). Porto, Ed. Domingos Barreira.
- *A Sala dos Espelhos* (1993). Porto, Lello Editores.
- *As mãos cheias de Terra. Textos do Andarilho* (2000). Colección Imagem do Corpo. Lisboa, Ed. Ulmeiro.
- *Os sapatos do defunto* (2000). Lisboa, Ed. Ulmeiro, Lisboa.

Traducións

Do castelán

- *A Espanha após o franquismo* (1975). Santiago Carrillo. Lisboa, Ed. Futura
- *O caso do Bacalhau* (1982). Francisco Ibañez. Lisboa, Ed. Paralelo. Banda deseñada.
- *A vida plural de Fernando Pessoa* (1990). Angel Crespo. Bertrand Editora, Lisboa.
- *A quatro mãos* (2000). Paco Ignacio Taibo II. Lisboa, Ed. Difel.
- *Diário da guerrilha cubana 1956-1957* (1996). Che Guevara e Raul Castro. Lisboa, Editorial Notícias.
- *A transição política em Espanha* (1997). Raul Morodo. Prefacio de Mário Soares. Lisboa, Editorial Notícias.
- *Sapinho e Sapão* (2008). Nicolás Guillén. Ilustr. de Fedra Santos. Porto, Ed. Arca das Letras, 3ª ed. Versos infantís.
- *Fulgor e morte de Joaquín Mureita bandido chileno assassinado na Califórnia a 23 de Julho de 1835* (2007). Pablo Neruda. Porto, Ed. Campo das Letras.
- *Requiem por un camponês espanhol* (2007). Ramón J. Sender. Ed. Campo das Letras, Porto.

Do galego

- *Catecismo do camponês* (1975). Frei Marcos da Portela (Valentín Lamas Carvajal). Edición bilingüe. Lisboa, Ed. Futura.
- *Arraianos* (2000). X. L. Méndez Ferrín. Porto, Campo das Letras.

Premios

- *Crónica do cerco* (1978) Premio Júlio Pereira de Matos, da Casa da Imprensa de Lisboa.
- Prémio Literário Orlando Gonçalves (2001).
- *Cenas da Vida de um Minotauro* (2002): Prémio Literário Orlando Gonçalves. Grande Prémio do Conto Camilo Castelo Branco.
- *Já os galos pretos cantam* (2003): Prémio de Conto Edmundo Bettencourt.
- *Ocasos de iluminação variável* (2005): Prémio de Poesia Edmundo de Bettencourt.
- Premio Rosalía de Castro do PEN Club Galicia en 2012.

aRi[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal.

Promove

Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Patrocinan / Patrocinam

Secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, Deputación Provincial da Coruña e Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e Instituto Camões-Centro cultural Portugués de Vigo.

Colaboran / Colaboram

Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Letras e Ciências Humanas da

Universidade do Minho (Braga), Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, Rede de centros de estudos galegos nas universidades do exterior e centros de ensino secundario galego no exterior en que se imparte galego.